

Lingua e informática. O galego na Rede

0 Introducción

1 Cambios no mundo da comunicación vs. cambios sociais

2 A situación do galego na informática e no multimedia

3 O galego na rede

3.1 Internet, política e contidos

3.1.1 As políticas: a Unión Europea, a francofonía, o Estado español, Cataluña

3.1.2 Os idiomas: a sobredimensión do inglés

3.2. Galicia e Internet

3.2.1 A política galega a respecto da rede

3.2.2 A realidade: a situación do galego en Internet

3.2.3 A necesidade dun espazo galego en Internet: prestixio, popularización, efectividade

3.3. A Administración local, a rede e o galego

3.3.1 A realidade

3.3.2 Propostas: regulación de uso das linguas, unidade, contidos

3.4 A terminoloxía da rede e o galego

0 Introducción

Nas primeiras xornadas sobre "Dinamización e normalización lingüística" promovidas polo Servizo Municipal de Normalización Lingüística de Vigo, houbo quen principiou a súa intervención despregando unha bandeira do Dépor, non como un intento suicida, senón co argumento de que se trataba de tentar captar dende o primeiro momento a atención do auditorio.

Evidentemente, non imos face-lo mesmo porque, ¿para que imos despregar unha bandeira se podemos poñer na pantalla unha das múltiples páxinas que hai en Internet sobre o clube coruñés?

<<http://web.jet.es/depor/>>

ou mesmo, e para compensar, sobre o Celta

<<http://www.geocities.com/Colosseum/4212/>>

Brincadeiras á marxe, reproducimos “unha posta en escena” semellante á que hai catro anos para poñer de manifesto a importancia daquelas Xornadas e os cambios substanciais que se produciron nun período tan curto de tempo. Importancia que ciframos nunha dobre vertente:

- Foi a primeira ocasión que se formulou publicamente a necesidade de considerar, como tarefa prioritaria, dar pasos de cara a introducir o uso do galego en novos ámbitos como os produtos informáticos, o multimedia e as redes de comunicacións.
- A propia dinámica das Xornadas xerou o nacemento da Coordinadora de Traballadores/ras de Normalización da Lingua (CTNL), unha asociación que está cumprindo un importante papel á hora de formar e coordinar os esforzos do persoal que traballa en servizos lingüísticos.

Cambios, non só en termos futbolísticos, ¡que tamén os houbo!, senón a respecto do uso da informática e das tecnoloxías da comunicación nas administracións públicas e, sobre todo, no tocante ás actitudes en relación co uso do galego nestes eidos. Por dicilo graficamente, falar hai catro anos da “creación dun espazo telemático no que centralizar, recibir e compartir información sobre normalización lingüística”¹ mesmo semellaba ciencia-ficción, mentres que hoxe ese espazo telemático hai tempo que é unha realidade e o que nos cuestionamos non é a súa viabilidade ou utilidade, senón como ampliar e xeralizar este tipo de iniciativas.

Feitas estas consideracións, antes de entrar en materia, só nos queda facer unha serie de advertencias previas:

- De entrada, como lle gusta indicar a Isabel Vaquero, sinalar que non somos “técnicos en lavadoras”, senón persoas que “utilizámo-las lavadoras”. Polo tanto, falamos en calidade de usuarios e en base ás nosas propias experiencias e reflexións.
- Tocounos abordar un tema moi amplo (informática, multimedia e Rede) e, a maiores, dende unha perspectiva teórico-práctica. A amplitude do tema e a limitación de tempo, obríganos a acoutar a nosa exposición a aqueles aspectos que consideramos máis relevantes. No referente á parte práctica, hai que poñer de manifesto que non se vai poder desenvolver nas condicións óptimas dados os problemas para “navegar” por Internet con “certa normalidade” dende a entrada en funcionamento de InfoVía Plus e dos que tendes amplísimas referencias a través dos medios de comunicación.

Con estas limitacións, estruturámo-la nosa exposición en tres grandes bloques:

¹ Rodríguez, Lois e Romero, Daniel (1995), "Elementos de publicidade e mercadotecnia para a dinamización lingüística", *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Universidade de Vigo, pax. 84.

- No primeiro, de carácter xenérico, analizámo-los cambios que se produciron no mundo da comunicación e cómo estas transformacións repercutiron ou están repercutindo na sociedade en xeral e, no noso traballo na administración pública, en particular.
- No segundo, esbozamos a grandes trazos a situación do uso do galego na informática e no multimedia.
- No terceiro, entramos na análise da Internet dende diferentes perspectivas:
 - As políticas lingüísticas e as políticas comunicativas.
 - A Administración local, a rede e o galego.
 - A terminoloxía da rede e o galego.
- No cuarto e último, atendendo ás recomendacións da organización das Xornadas, proporcionamos unha serie de criterios sobre a utilización da Rede como fonte de información no noso traballo cotián.

1 Cambios no mundo da comunicación *versus* cambios sociais

Nos últimos vinte anos, a simbiose entre a xeralización do uso da informática e a dixitalización da información implicou fondas mudanzas tanto nos sistemas de comunicación coma nas propias sociedades desenvolvidas; transformacións que converten ás políticas de comunicación no marco de referencia de tódalas outras políticas do sector da produción, a circulación e o consumo de bens simbólicos. Joan Majó² explica as claves da chamada "revolución dixital" mediante o concepto de "converxencia", concepto que segundo Bernat López³ se manifesta nos diferentes ámbitos e das seguintes maneiras:

- Converxencia de fases ou procesos de tratamento e transmisión da información
Antes a produción e distribución de contidos consistía en fases separadas entre si: creación, produción, almacenaxe, etc. Coa dixitalización estas fases desaparecen e quedan integradas nun *continuum*.
- Converxencia e polivalencia de canles.
Anteriormente, as diferentes canles estaban especializadas no tipo de información que transmitían: as ondas para a radio e a televisión; o cable para a telefonía e os datos; a distribución para os libros, etc. Hoxe, todas estas canles son polivalentes.
- Converxencia de tipos ou formatos de información.
Multimedia como paradigma desta converxencia ó integraren nun mesmo soporte, o CD-ROM ou o DVD, ede forma combinada, texto, son, imaxe fixa, imaxe en movemento e datos.
- Converxencia de medios.
Antes a prensa, a radio, a televisión e o cinema representaban universos máis ou menos isolados, pero agora están entrando nunha dinámica de hibridación crecente, que ten a súa máxima expresión nos servizos dixitais en liña.
- Converxencia de soportes.
Os analistas xa anuncian a substitución da variedade de electrodomésticos por unha soa máquina integrada mestura de ordenador e televisor que realizará as funcións de ámbolos dous.
- Converxencia de empresas.
Creación de grandes grupos multimedia ou diversificación das actividades dalgúns operadores que se dedicaban a un só sector (por exemplo, Telefónica).

² Majó, Joan. (1997), *Cables, chips y poder*, Barcelona, Editorial Planeta.

³ López, Bernat (1999), "Política lingüística e política de comunicación ante os desafíos da globalización" en *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

As repercusións destes cambios están afectando á vida das persoas, principalmente nos seguintes aspectos⁴:

- A aparición dun contexto social no que se produce unha sobreabundancia de información. A información, considerada ata agora como un ben escaso, pasa a ser un elemento omnipresente e ó que se accede facilmente. O grande problema é saber converte-la información excesiva en coñecemento útil.
- A crecente utilización do coñecemento como factor de produción. O fenómeno actual supón a presenza de grandes cantidades de información a uns prezos relativamente baixos. Xa que logo, estase producindo unha substitución crecente de tódolos demais factores de produción pola tecnoloxía, polos coñecementos. O problema radica en que, se esta substitución non vai acompañada dun tipo de traballo por outro, assistiremos á destrución de numerosísimos postos de traballo.
- A desaparición de rixideces na organización do traballo. Aparición de novas fórmulas de organización como "teletraballo", traballo a tempo parcial, etc. A idea de empresa aberta as 24 horas do día e tódolos días do ano.
- A necesidade dunha revisión a fondo dos procesos de educación e formación. Xa non é posible cambia-los coñecementos necesarios nunha sociedade aproveitando a renovación xeracional. A educación ten que ser permanente o que vai implicar novas institucións educativas ou a reformulación das existentes.
- A globalización e a identidade ou cómo estarmos nas redes de comunicación dende a propia identidade, tema ó que nos referiremos de forma máis específica máis adiante.

A materialización máis palpable de todos estes cambios é, sen dúbida, Internet. Mestura de ordenador e teléfono; de medio intepersoal e de masas; de público e privado; de televisión e máquina de escribir; de instrumento de lecer e ferramenta de ensinanza; de enciclopedia universal pero tamén de coñecementos máis dispersos e desordenados. Internet, ou algo semellante que o substitúa, é a ilustración do cambio e da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación.

A pouco que botémo-la vista atrás, baixemos a un terreo máis concreto e mesmo tomemos como referencia as nosas propias experiencias, percibiremos con máis claridade a dimensión das mudanzas a que nos refirimos anteriormente e ata qué punto nos afectan.

Hai 15 anos, cando entraba a traballar no Concello de Fene, utilizaba, supoño que ó igual que moitos de vós, unha máquina de escribir desas de carro ancho. Ó pouco, viñeron as máquinas eléctricas; despois, os procesadores de textos (daqueles que non deixaban de ser unha versión evoluída das máquinas eléctricas) e o fax; axiña, as aplicacións específicas (padrón e estatística;

⁴ Majó, Joan (1999), "Sociedade da información, cultura e lingua", *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

secretaría, contabilidade...) e as redes internas e, máis recentemente, Internet, as intranets e demais.

A implantación de novas ferramentas de traballo obrigounos a sucesivos procesos de reciclaxe profesional, reciclaxe non exenta de reticencias e mesmo de conflitos pero que asumimos ata o punto de que hoxe, se fallan estas ferramentas, cáseque se paraliza totalmente a actividade administrativa dun concello.

¿Por que a necesidade desa reciclaxe profesional? Pois porque a implantación das citadas tecnoloxías facía moito máis doado o noso traballo e permitía un funcionamento máis eficaz da administración; isto é, proporcionaba unha mellor atención ó cidadán en termos de calidade, transparencia, economía e tempo.

Pois ben, a extensión e a popularización do multimedia e da Internet sitúanos nas portas ou inmersos xa –dependendo dos procedementos e organización do traballo de cada administración- nun novo período de reciclaxe e readaptación en certo sentido semellante ós que xa vivimos pero, ó mesmo tempo, a un ritmo máis acelerado, xa que a dinámica das mudanzas leva unha velocidade de vertice. Trátase de non quedarse atrás, de non ir a remolque dos acontecementos e, ó mesmo tempo por resumilo nunha frase moi asisada tomada do anuncio dun coche, sermos moi conscientes de que “a tecnoloxía non é un privilexio” e, no caso das tecnoloxías da información, as administracións públicas teñen a obriga de poñelas ó servizo dos cidadáns.

A respecto desta última afirmación, aínda a risco de sermos repetitivos, permitídenos volver recorrer a Joan Majó⁵ á hora de explicar por qué a para qué utiliza-las potencialidades das tecnoloxías da información nunha administración.

Comezando polo ¿por qué?, Majó sinala:

- En primeiro lugar, polo que implican de modernización da administración pública e de aposta para que non quede desfasada a respecto da iniciativa privada; isto é, valoriza-lo sector público.
- En segundo lugar, porque facilitan a xestión da información. Mellora-la xestión da información nunha administración pemite mellora-la súa eficacia, facer máis doada e cómoda a relación co cidadán e reduci-la burocracia.
- En terceiro lugar, na medida en que democratiza o acceso á información. Se aceptamos que o mundo da información se converta nun mundo exclusivamente privado, que se guíe só pola rendibilidade, crearemos unha sociedade na que a información se vai distribuír de xeito desigual coa conseguinte marxinação e exclusión por motivos económicos,

⁵ Majó, Joan (1999), "Reflexions sobre les accions que caldría prendre des de les Administracions davant del repte de la Societat Digital", *6es Jornades Catalanes de Documentació*, Barcelona.

lingüísticos e/ou culturais. Marxinación que tería unhas graves repercusións no proceso de normalización da nosa lingua.

¿Para que utilizar estas tecnoloxías nas administracións? As súas propias características e desenvolvemento abren un amplísimo abano de posibilidades polo que só imos mencionar aquelas que, nestes momentos, nos parecen máis significativas:

1. Informarnos

Na Rede temos á nosa disposición, de forma inmediata e gratuíta, practicamente toda a información que precisamos para o noso traballo e procedente de fontes tan diferentes como:

- Medios de comunicación convencionais
<http://www.ecg.ozone.es/>
<http://www.crtvg.es>
- Xornais dixitais, que só existen en Internet ou que teñen edición especial para a Rede
<http://www.vieiros.com>
<http://vilaweb.com>
<http://www.elpais.es>
- Diarios e boletíns oficiais
<http://www.dicoruna.es/bop/>
<http://www.dicoruna.es/ipe/>
<http://www.boe.es>
- Resolucións de organismos oficiais nacionais, estatais ou internacionais
http://www.xunta.es/presiden/con21_1.htm
<http://www.congreso.es>
http://europa.eu.int/geninfo/key_pt.htm
- Procedementos e enderezos de utilidade
<http://www.xunta.cesatel.es/Guia/>
<http://www.map.es/internet/indice.htm>

Como vedes con estes exemplos, unha ampla gamma de información que podemos almacenar, sistematizar e xestionar de forma dixitalizada. Noutras palabras, substituí-las carpetas e cartafoles por bases de datos coas noticias asociadas, co conseguinte aforro de papel e de tempo á hora de localizala e manexala.

2. Informar

- Sobre a propia administración e o seu funcionamento
<http://www.xunta.es>
<http://www.concello Pontevedra.es/>
<http://www.vigoc.es/>
- As súas liñas de traballo
<http://www.ferrol-concello.es/ferrolhoxe.htm>

- Como xeito de promoción turística, patrimonial ou industrial

<http://www.riasbaixas.org>

<http://www.igape.es>

<http://www.arrakis.es/~rojea/>

3. Consultar e recibir información

Consulta de expediente ou datos de interese

<http://www.xunta.es/adm/consulta.htm>

<http://www.xestion.usc.es/expedientes/>

<http://www.seg-social.es/indexbieneseembargados.html>

4. Recibir información puntual

<http://www.ferrol-concello.es>

<http://www.bcn.es/>

<http://www.rix.org/>

5. Facilita-la realización de diferente tipo de trámites

<http://www.bcn.es/hisenda/sipac.htm>

<http://www.dicoruna.es/servicios/index.htm>

<http://aeat.tsai.es/aeat/home.html>

2 A situación do galego na informática e no multimedia

Despois de sinalar a través de exemplos concretos algunhas das potencialidades da informática, o multimedia e as tecnoloxías da información, cómpre entrarmos a analizar tanto a situación da nosa lingua nestes eidos coma a política lingüística ou a política comunicativa das diferentes administracións públicas galegas.

Principiando pola situación do galego, é necesario poñer de manifesto que estamos falando de tecnoloxías que nacen ou acadan o seu maior desenvolvemento nos EE.UU (mesmo sistemas orixinariamente europeos coma o World Wide Web) co que isto implica a nivel lingüístico; isto é, coa consolidación dun "proestatuto" para o inglés como lingua internacional nestes ámbitos.

Un proestatuto relativizado polas demandas do mercado xa que o interese por introducir estas tecnoloxías en mercados cada día máis amplos xerou a necesidade de adaptar estes produtos, sobre todo os de uso máis común, ás diferentes linguas. Dito en termos máis gráficos: o lanzamento dun novo programa ou aplicación informática adoita facerse inicialmente en inglés e, ós poucos meses, ese mesmo programa ou aplicación xa se comercializa noutras linguas. ¿En que idiomas? Pois a rapidez na tradución/adaptación depende basicamente da importancia cualitativa e cuantitativa da lingua ou mercado.

En consecuencia, antes de entrarmos a describi-lo uso do galego neste eido, queremos chama-la vosa atención sobre os seguintes extremos:

- A nosa produción tecnolóxica é máis que limitada e non ten especial significado no contexto internacional. Con todo, o máis grave non é esta limitación, senón que as empresas e facultades que traballan neste eido as máis das veces nin consideran o uso da nosa lingua. A modo de exemplo, é moi significativo o lanzamento dun produto multimedia de lecer e divulgación producido por unha empresa da Coruña, no que nin siquera aparece a opción de utilizalo en galego, o cal, polas propias características do CD-ROM, orixina poucos custos.
- O mercado galego é cuantitativamente pouco significativo, algo máis de 2.000.000 de habitantes, e unha das comunidades do Estado con menor número de ordenadores ou de usuarios de Internet. Agora ben, ó noso entender, o máis grave dende a óptica do uso do galego non é isto, senón que é un mercado que non exerce como tal, que non demanda nin consume eses produtos na nosa lingua.
- A lexislación en materia de política lingüística non prevé nin establece nada ó respecto. Tal e como sinala Xesús Costas⁶ "as zonas de sombra da Lei de normalización lingüística ou os aspectos máis negativos veñen (da imprevisión) das novas circunstancias e dos cambios acelerados en campos coma os derivados da (...) xeneralización da informática, os cambios no mundo da comunicación e do audiovisual -autoestradas da información, conglomerados da industria cultural...-, a evolución das formas comerciais, etc. En definitiva, o mundo dos servicios -privatizados, para ou semipúblicos cunha grande compoñente de atención ó público... e as novas formas de comunicación non interpersoal, masivas ou a distancia-.

Feitas estas consideracións, faremos un breve diagnóstico do "estado da cuestión".

2.1 Na informática

A diferenza doutras comunidades con lingua propia, como Euscadi ou Cataluña, non existe nin se comercializa ningún sistema operativo (Mac, MS-DOS, Windows, Linux, Unix) con versión en galego. Como ben sabedes, nos últimos anos houbo varias campañas dirixidas a que a Dirección Xeral de Política Lingüística chegara a un acordo con Microsoft para a tradución e distribución do Windows'95 e do Windows'98, campañas que non conseguiron muda-la posición da Administración autonómica ó respecto.

Tampouco dispoñemos de versión en galego dos programas de uso máis común. Isto é, a presenza do galego da informática é máis que limitada e redúcese a:

⁶ Costas Abreu, Xesús (1998), "A nova lei do catalán", en *Tempos novos*, Santiago de Compostela.

- Correctores ortográficos. WP51, Corrixo e os realizados por Allegue C.B para Word, Wordperfect e Corel Draw que inclúen tamén dicionarios xerais e de sinónimos.
- Programas e aplicacións específicas: XEX; formularios de comunicación comercial; programa xestión centros de ensino; Meiga, para a xestión de bibliotecas etc. As máis das veces son pouco divulgados e coñecidos.
- Navegador para Internet elaborado por un grupo de voluntarios.

Mención á parte merece o tema das aplicacións informáticas na medida en que son o máis claro expoñente dun mercado que non exerce coma tal. Dito noutras palabras, é un ámbito onde se poderían e deberían dar pasos importantísimos na introducción do uso do galego porque quen as utiliza son organizacións e administracións de todo tipo, e a documentación que se xera utilizándoas repercute moi directamente nos cidadáns. A realidade é que non só non se están dando estes pasos senón que, mesmo nalgúns ocasións, a súa implantación provocou retrocesos no proceso normalizador. Por citar só un par de exemplos moi significativos: nos anteriores plans de informatización da Deputación da Coruña, as aplicacións (padrón, contabilidade, nóminas, secretaría) que se lles proporcionaron ós concellos eran aplicacións en castelán, cando se trataba de aplicacións específicas contratadas pola propia Deputación; as aplicacións de xestión dalgunha entidade financeira que, por non respectar, nin respecta a forma correcta dos topónimos.

2.2 Multimedia

A produción en galego neste campo, aínda sendo cuantitativamente pouco significativa en relación coa oferta en castelán, é algo máis esperanzadora.

Editoriais como Xerais crearon unha liña propia a partir do CD dedicado a Anxel Fole ó que seguiron "Terra Terremota" ou o dedicado a Blanco Torres.

Outras editoriais de ámbito estatal comercializan algúns produtos con versión en galego: os obradoiros de contos "O príncipe feliz" (a partir do relato do Oscar Wilde) e "O traxe novo do emperador" (partindo dun conto de Andersen) de Anaya; ou a "Guía das árbores" de Barcelona Edicións.

Unha asociación coma AS-PG presentou hai pouco unha colección de materiais didácticos en CD que principia co dedicado á "Arte barroca".

Institucións coma a DXPL ou o Consello da Cultura Galega acaban de distribuí-los CDs "Lingua plus" e "Galego, lingua propia de Galicia", e mais "Base bibliográfica da emigración galega", e a Consellería de Cultura inclúe, nas súas liñas de subvención para o vindeiro exercicio, os produtos multimedia en lingua galega.

Mesmo podemos atopar no mercado un CD con versión en galego, "Maxia rápida", producido polo Mago Antón.

Con todo, e como contrapartida, os principais problemas radican en que tamén se están producindo e editando CDs, mesmo financiados con fondos públicos, integramente en castelán (véxase o dedicado á lousa ou os que se utilizan para a formación de médicos residentes nalgúns hospitais públicos de Galicia); que as tiraxes das edicións institucionais son insuficientes e falla a súa distribución e, por último, que a produción podería ser substancialmente distinta tanto se se incrementan os incentivos coma se somos quen de varia-la cultura "editorial" ó respecto. É dicir, se conseguimos que editoriais e empresas non reduzan a súa produción á edición en papel e contemplan como alternativa a edición en CD ou DVD.

3 O galego na rede

3.1 Internet, política e contidos

Había unha vez un pequeno país analfabeto, no que de súpeto, algunhas persoas aprenden a ler. Pasado un tempo, o goberno dese país decide que ler é moi importante e que non poden quedar atrás na loita pola alfabetización. Daquela, deciden impulsa-la creación dunhas moi boas bibliotecas, nas que hai libros de toda caste: os clásicos Dante e Petrarca, estudos antropolóxicos sobre os indios americanos, a historia da China... Os habitantes dese país descubren o pracer da lectura e bótanse como tolos ás bibliotecas, pero iso si: os libros nin están no seu idioma, nin hai ningún que fale deles, da súa historia, da súa xeografía, da súa idiosincrasia, das súas expectativas. Axiña comezan a oírse voces no país que denuncian unha colonización cultural e lingüística, alertan sobre o perigo de que a súa cultura e a súa lingua acaben fagocitadas, e propoñen unha nova política para promove-la creación e a edición de libros de seu.

Neste conto, o axente da colonización cultural eran os libros. Pero pensade que no mundo actual, e máis concretamente no noso país, eses axentes son outros, son máis, son máis rápidos e moven maior cantidade de información cós libros: son os medios de comunicación (prensa, radio, televisión) e nos últimos anos, a informática e a Internet. Ou se toman medidas para frear e inverter este proceso, ou, coma no conto, a sociedade da información vai accelera-lo proceso de desaparición de moitas linguas e culturas.

Thierry Vedel, do Instituto de Estudos Políticos de París, di que

"Dos 5.000 millóns de habitantes da Terra, só unha décima parte é quen de xerar e trata-la información. As nove décimas partes do planeta reciben a intensa actividade electrónica de 15 países industrializados. E este desnivel vai segui-laumentando, dado que a produción e a xestión esixen un nivel de educación e de preparación cada vez máis elevado."⁷

⁷ Larrañaga, I.: *Internet solidari@ .La última revolución*. Ed. Txalaparta, Tafalla, 1996, p. 215

Coma no conto, non é tan difícil atopar polo mundo adiante políticas que promoven, por exemplo, a creación literaria e a animación á lectura no idioma propio: este país é un exemplo dela, existen subvencións e campañas con eses obxectivos. Este tipo de políticas teñen como obxectivo promover a diversidade lingüística e cultural, propias da humanidade e que constitúen en si mesmas unha riqueza.

Algúns países están fomentando políticas de desenvolvemento da industria dos contidos, para crear espazos comunicativos propios dentro da sociedade da información. Non podemos esquecer que Internet tivo o seu primeiro desenvolvemento en Estados Unidos, e que este país, tanto polo seu tamaño como polo seu peso, ocupa un enorme espazo dentro da rede, cos seus contidos e, abofé, coa súa lingua oficial. Perante esta abafante presenza, os países europeos deciden lanzarse ó contraataque e loitar polo seu propio espazo. O resto do mundo... pois iso, é, simplemente, o resto do mundo.

3.1.1 As políticas

A) A Unión Europea

O 12 de xuño de 1995 o Consello da UE aprobou un documento que afirmaba a importancia da diversidade lgca. na UE, poñendo por diante as súas implicacións considerables para a democracia, a cultura e o desenvolvemento económico e social. O Consello subliñou que a diversidade lgca. debe ser preservada e o multilingüismo promovido no seo da UE, non como unha febleza, senón como unha das súas principais forzas.

"As diferencias nacionais e rexionais que reflicten as linguas e estas naquelas, suscitan unha gran riqueza de actitudes e de propostas creativas para a resolución de problemas. A importancia da lingua na definición da identidade cultural é indubidable; as industrias europeas da lingua deben fornecer de produtos e servizos que permitan a tódolos estados membros unilingües ou multilingües e sen distinción de tamaño, preservar esta identidade, participando plenamente na vida social, económica e cultural da Unión."

"A tecnoloxía pode contribuír á promoción e á salvagarda desta diversidade, por exemplo, facilitando a aprendizaxe, o rexistro e a análise da linguas menos ou peor coñecidas, que son faladas por un gran número de falantes: entre 12 e 20 millóns de cidadáns da UE, segundo as estimacións."⁸

Nesta perspectiva, o Consello da Comisión Europea en 1996, adoptou un programa plurianual para promover a diversidade lingüística da CE na

⁸ Dirección Xeral XIII da Comisión Europea da UE: Langage et Technologie. De la Tour de Babel au Village Global

sociedade da información (MLIS), apoiándose na expansión das industrias da lingua, mediante a Dirección Xeral XIII.

<http://www2.echo.lu/mlis>

B) A francofonía

Xa en 1994 o Consello da Lingua Francesa do Québec advertía das consecuencias de orde cultural e sociolingüística que poderían derivar de non actuar axiña neste terreo:

"o uso xeneralizado de ferramentas lóxicas fabricadas a partir dun modelo específico dunha cultura nacional favorece a homoxeneización cultural. Isto non é só contrario a un ideal de pluralismo cultural e lingüístico... (...) senón que é un freo importante ó uso do francés como lingua de traballo", obxectivo importantísimo dentro da política lingüística quebequesa.

"a inacción sobre o desenvolvemento da sociedade da información e sobre a creación de útiles de tratamento informatizado da lingua hipoteca o uso das linguas no mundo e en particular a do francés no Québec. Cómpre actuar con urxencia para que o francés non sexa marxinalizado pola industrialización da lingua. Debe prestarse unha atención particular ó acceso en francés e ó desenvolvemento de contidos en francés. Neste senso, as industrias da lingua poden ser dunha axuda capital para reafirma-lo estatus do francés e o seu uso, e mais tamén, para permitir poñer de relevo o déficit da xestión da masa de información á que estamos confrontados e francesizar dalgunha maneira a información".⁹

<http://www.olf.gouv.qc.ca/>

En maio de 1997 varios ministros de gobernos de países francófonos fan un chamamento para crear un espacio de francofonía en Internet co obxectivo de atrae-lo mundo para ela, e revaloriza-las súas culturas. Deciden abrir unha liña de crédito específica, bautizada como "Fronte francófona para o desenvolvemento de infovías" e adoptar un ambicioso plano de acción para

"facilita-lo acceso á rede mundial, e desenvolver unha área francesa de educación, formación e investigación, coa prioridade de "sensibiliza-la mocidade e promove-lo desenvolvemento dunha área económica francófona".¹⁰

C) No Estado español. Cataluña

⁹ Conseil de la Langue Française: *Avis sur les industries de la langue dans la société de l'information*, Québec, 1994.

¹⁰ *Le Journal de Montreal*, maio de 1997

No Estado non existe unha política a respecto da lingua ou dos contidos na rede. E iso que a comunidade hispanofalante é moito meirande cá francófona... O máis parecido que levo visto ou oído son as declaracións do presidente Aznar na inauguración do IV Congreso Nacional de Usuarios de Internet o pasado día 3 de febreiro, cando "mostrou a súa preocupación pola situación do español en Internet e avogou por aumenta-los contidos deste idioma na rede"¹¹.

Pola súa banda, Cataluña non só está promovendo unha política propia a respecto da sociedade da información, senón que mesmo está abrindo a elaboración desa política á participación pública a través da propia rede, o que constitúe unha experiencia democrática sen precedentes. O Comisionado para a Sociedade da Información constituíuse para promove-lo debate e a reflexión no seo da sociedade catalana, co fin de elaborar un plano estratéxico da sociedade da información para Cataluña, que se ha apoiar nun decálogo de obxectivos¹². O punto 9 do decálogo refírese á presenza do catalán nas novas tecnoloxías e á presenza dos contidos cataláns na rede:

"O goberno procurará que as novas tecnoloxías da lingua, e concretamente, os dispositivos de recoñecemento da fala, de lectura e de tradución automática, poidan ser accesibles utilizando a lingua catalana, e que, do mesmo xeito, este tipo de dispositivos estea presentes no mercado a prezos competitivos.

O goberno estimulará a creación de contidos sobre a realidade de Cataluña desde tódolos puntos de vista e, sobranceiramente, sobre a súa realidade física, histórica, cultural, política e económica."

<http://www.gencat.es/csi/index.htm>

3.1.2 Os idiomas na rede: a sobredimensión do inglés

Como di o Consello da Unión Europea, as linguas son un reflexo das culturas, as cales, á súa vez non son máis cá proxección da identidade dos pobos; daquela, a presenza das diferentes linguas na Internet reflectirá ata qué punto os pobos están correctamente representados nela.

En 1998 unha organización non gobernamental, Funredes, coa colaboración da Unión Latina, publicou na rede un estudo sobre a presenza das linguas e as culturas latinas en Internet¹³. Partindo da hipótese de que o inglés ocupa o 75% da rede, o espazo que ocupan linguas como español, francés, italiano, portugués e romanés, na WWW e na Usenet a respecto do inglés, reflíctense na seguinte táboa:

¹¹ El Correo Gallego, 4 de febreiro de 1999.

¹² <<http://www.gencat.es/csi/index.htm>>

¹³ ACCT-UL-FUNREDES: *La place des langues latines sur l'Internet*. Édition de septembre 1998, en <<http://www.funredes.org/LC>>

Táboa 1. Medidas relativas das linguas latinas en relación ó inglés.

	WWW	USENET
Español	2,53%	1,93%
Francés	2,81%	1,15%
Italiano	1,50%	2,03%
Portugués	0,82%	0,90%
Romanés	0,15%	0,11%

Sen embargo, os autores do estudo calcularon tamén a presenza ponderada destas linguas na rede, segundo o número de falantes con que conta cada unha delas

Táboa 2: Peso das linguas (cifras expresadas en millóns)

	inglés	español	portugués	francés	italiano	romanés
número falantes (millóns)	630	375	190	130	60	30
porcentaxe mundial	10,5%	6,25%	3,17%	2,17%	1%	0,50%

polo cal se chega ós resultados que se reflicten a seguir:

Táboa 3: Presencia ponderada das linguas latinas na WWW

	presencia absoluta	presencia ponderada
inglés	75%	7,62
español	2,53%	0,40
francés	2,81%	1,30
italiano	1,50%	1,50
portugués	0,82%	0,26
romanés	0,15%	0,30

¿Como se debe entende-las cifras da presenza ponderada? Pois se é igual a 1, débese considerar como un resultado "normal"; se é inferior a 1, como feble, e se é superior a 1, como un resultado respectable. Xa que logo, a presenza do inglés en Internet está sobredimensionado, en relación ó número dos seus falantes, e á inversa, as linguas e culturas latinas estudadas teñen menos presenza na rede da que, en principio, lles correspondería. Se esta é a situación de linguas coma o español ou o portugués, ¿que non lle tocará ó galego?

3.2 Galicia e Internet

3.2.1 A política galega a respecto da rede

No noso país, a Administración autonómica, a través da súa Dirección Xeral de Medios de Comunicación, está a levar a cabo unha política de implantación e impulso da infraestrutura técnica da rede, a través da Autoestrada Galega da Información.

"A Xunta de Galicia, a través da Consellería da Presidencia e Administración Pública, está a desenvolver un programa de modernización da Administración Pública galega coa finalidade de facela máis operativa e de achega-los seus servicios os cidadáns. A innovación tecnolóxica e a creación de infraestructuras de telecomunicacións, levada a cabo en colaboración con Telefónica, constitúen piares fundamentais para o dito proceso de modernización.

Neste ámbito a Administración autonómica dotouse dunha Rede Corporativa de voz e datos coa que se ofrecen servicios ós diferentes departamentos da Xunta de Galicia e a outros organismos como hospitais, centros de saúde, concellos, xulgados, ou centros escolares, de xeito económico, sinxelo, seguro e confidencial."¹⁴

Así, por exemplo,

- En 1996 a Consellería da Presidencia asinou un convenio coa FEGAMP para estende-la rede de comunicacións a 40 concellos nunha primeira fase, e posteriormente ó resto.
- No Consello da Xunta do 30 de setembro do 98 aprobouse un proxecto para favorecer e impulsa-la utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito dos niveis educativos non universitarios de Galicia, que beneficiará, nunha primeira fase, a 256 centros de ensino secundario que, entre outras vantaxes, poderán contar cos servicios de Internet.

Calculan que o acceso xeneralizado á Autoestrada se producirá ó longo destes dez anos vindeiros¹⁵.

Diciamos antes que a Xunta está a implanta-la rede a través da Autoestrada Galega da Información; mais parece que está a esquece-la outra cara da moeda: a chamada industria dos contidos. Segundo, por exemplo, Xabier Alcalá¹⁶, "o gran drama da Autoestrada é que non ten contidos (...) o problema non está na capacidade, senón en introducir contidos na rede". É dicir: só se está usando a rede para transmitir datos, para ver contidos producidos noutros lugares, noutras linguas.

¹⁴ Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30/7/98

¹⁵ Varela, T.: "A miseria tecnolóxica. A Autopista Galega da Información, un ave sen viaxeiros", *Tempos*, xullo 1998.

¹⁶ Idem.

Incluso podemos matizar esta afirmación cun exemplo recentísimo, que demostra, no mellor dos casos, a falta de criterios á hora de encher de contidos a autoestrada galega da información: o proxecto "A Ponte" do CESGA.

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) xorde do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación, e por outra banda, do interese do "Consejo Superior de Investigaciones Científicas" de promocionar en Galicia un entorno de traballo na área do cálculo intensivo.

Entre os proxectos do CESGA destaca "A Ponte", que investiga se o uso de Internet pode engadir valor para as comunidades educativas, particularmente en zonas rurais, para o cal facilita o acceso a servizos de Internet nas comunidades educativas de Galicia e do norte de Portugal.

<http://www.cesga.es/Teleensino/Proyectos.html#ap>

Pois ben, a presentación do dito proxecto está feita soamente en castelán.

Por se fose pouca ironía que se trate dun proxecto dun organismo promovido pola Xunta de Galicia, que vaia dirixido ó ámbito educativo, que se centre en zonas rurais de Galicia (onde se usa máis o galego) e Portugal (onde, desde logo, non se fala castelán), o proxecto está financiado pola Comisión Europea, que como xa vimos promove o plurilingüismo e a conservación da diversidade.

3.2.2 A realidade: A situación do galego na Internet

En xuño de 1997, Daniel Romero fixo unha cata dos 654 sitios web galegos indexados daquela en Vieiros, o barrio galego de Internet: o 32,7% deles incluían, polo menos, a opción de visualiza-lo sitio en galego¹⁷. Aínda que cumpriría xa outro estudo semellante, pois a estas alturas debe haber xa uns 2.000 sitios web galegos, podemos afirmar que a Rede, que para moita xente é o paradigma da comunicación en inglés, presenta uns índices de galeguización que non se dan nos medios de comunicación convencionais, mesmo a pesar da inexistencia dunha política lingüística galega neste eido.

Sen embargo, cómpre matizar este dato; o uso do galego na rede é un espello do que sucede na sociedade galega *real*: a vista de paxaro, os webs máis galeguizados son os de asociacións sen ánimo de lucro e as páxinas persoais, ademais dos institucionais; e aínda destes habería moito que falar, porque, cunha ollada rápida ós sitios web das universidades, ou das deputacións e de moitos concellos, verase que o uso do galego é moi irregular; pola contra, o

¹⁷ Romero Rodríguez, D.: "Aproximación ó estado do proceso de normalización lingüística en Galicia" en *Actas do ciclo "Lingua e Normalización"*. Facultade de Dereito da Universidade do País Vasco, Donosti, 1998. (No prelo).

uso do galego baixa radicalmente nos sitios de empresas e asociacións de empresarios.

3.2.3 A necesidade dun espacio galego en Internet

¿Por que nos parece tan importante a presenza do galego en Internet? Podemos falar de varios factores.

A) Prestixio

A sociedade actual asocia un factor sociolingüístico de moita importancia ó desenvolvemento e uso das novas tecnoloxías: o **prestixio**. A asociación inconsciente, pero lóxica, é que ese prestixio impregna as linguas que se vehiculan nesas novas tecnoloxías, de aí o prestixio do inglés. Xa que logo, se conseguimos introduci-lo galego na rede, hase contaxiar dese prestixio de que tan necesitado está. De afondarmos neste factor, ademais, podemos preguntarnos: o prestixio, ¿é do medio -da Internet-, ou do sector social que o usa? Pensemos que o perfil do usuario-tipo da Internet posúe, segundo os estudos amplamente difundidos nos medios de comunicación, unha educación e un nivel de vida medio-superior (de feito, só o 11% dos usuarios de Internet no Estado se consideran de clase baixa ou media-baixa; o 89% restante considérase de clases medias e altas)¹⁸, son profesionais, e residen no medio urbano. Pensemos, ademais, que ese perfil corresponde ó dun sector da poboación galega especialmente castelanizado, un sector que debería ser obxecto preferente do traballo normalizador: por castelanizado e por prestixio. Calquera adianto do noso idioma nel é capital.

B) Popularización

O segundo factor é a progresiva e vertixinosa **popularización** da Internet. No ano 1996 había 14.000 usuarios de Internet en Galicia. Segundo as últimas estatísticas¹⁹, sobre unha poboación total en Galicia de 2.351.000 persoas, no mes de maio había 94.000 persoas con acceso, e en novembro 108.000, a pesar de que Galicia vai á cola do Estado en canto ó acceso á Internet.

Referiámonos antes ó perfil do usuario típico da Internet, pero tamén debemos ter en conta que a chegada da Internet ás escolas abre as expectativas de uso para o futuro e que a rede se está popularizando entre a xente máis nova a grande velocidade. De feito, os mozos e mozas que teñen de 14 a 34 anos supoñen o 65,6% dos usuarios da Internet no Estado²⁰.

¹⁸ Asociación para la Investigación en Medios de Comunicación (AIMC): *Audiencia en Internet. Información sobre Internet basada en el EGM-3ªola, 1998/octubre-noviembre*, en <<http://www.aimc.es/aimc/html/inter/net.html>>

¹⁹ Idem.

²⁰ Idem.

Por outra banda, non se trata de que se estea popularizando simplemente como un medio de comunicación ou como xoguete para o lecer, senón tamén como ferramenta habitual do traballo na Administración pública, na educación, na sanidade, nas empresas...

C) Efectividade

Trátase, xa que logo, dun novo medio que está en expansión e que debemos ter moi en conta para o futuro da lingua, porque como a súa chegada é relativamente recente e está en expansión, as actuacións poden ser máis efectivas ca noutros medios ou ámbitos onde as normas de uso están máis consolidadas. Segundo Daniel Romero,

"o feito de que a implantación da Rede en Galicia corra de forma paralela á aparición de espazos en galego, unido ás propias características da Rede (facilidades da comunicación multilingüe) foron determinantes para que o galego teña unha presenza significativa neste campo."²¹

Conclusión

Velaí o reto e a oportunidade que se nos presenta: construímos un espazo propio, galego e en galego (o cal non quere dicir que non se aproveiten as vantaxes da comunicación multilingüe). E conseguírmolo vai depender, segundo Daniel Romero, "da nosa capacidade para:

- Crear unha conciencia crítica, tanto a respecto da lingua como do xeito de comunicar, semellante cando menos á que se tenta propiciar noutros ámbitos -publicidade convencional ou relacións comerciais-.
- Xerar contidos e servizos, aspecto no que as universidades, administracións públicas e as empresas privadas, tanto polas súas potencialidades como polo seu papel exemplificador, van ser determinantes.
- Ofrecer servizos, extremo que depende tanto das administracións públicas como da iniciativa privada."²²

3.3 A Administración local, a rede e o galego

Como acabamos de ver, a Administración pública pode e debe xogar un importante papel na creación dese espazo galego na rede, tanto ofrecendo contidos propios, como facéndoo na lingua propia de Galicia. Se importante é o papel da Administración pública en xeral no papel de promoción do galego, aínda é máis importante o papel da Administración local, xa que se trata dunha

²¹ Romero Rodríguez, D.: "Internet: novos vieiros para o galego", en *Actas do I Congreso Internacional "A Lingua Galega: Historia e Actualidade"*, Santiago de Compostela, 1996. (No prelo)

²² Idem.

administración que ten competencias nun amplo abano de materias, todas elas cunha decisiva incidencia na vida cotiá dos cidadáns.

A esta importancia cualitativa, únese tamén as obrigas que se derivan da lexislación, desde a Lei 3/1983, de normalización lingüística, ata as ordenanzas municipais. A do Concello de Vigo, por exemplo, consagra o galego como lingua de uso normal non só para o propio concello, senón tamén para os organismos que del dependen, e explicita que a imaxe, a publicidade, as publicacións, os expedientes administrativos, etc. deben ser en galego, respectando sempre os dereitos lingüísticos dos cidadáns.

Internet é un medio de comunicación que pode abranguer toda a actividade dun concello cara ó público, desde informar a tramitar. A presenza dun concello na Internet, a través do seu sitio web ou a través do correo electrónico, non deixa de ser imaxe, publicidade, publicación, documentación, ou expediente administrativo, e como tal, esa presenza debe ser en galego.

Por outra banda, Internet é unha ferramenta que ofrece posibilidades de comunicación multilingüe con moi poucos custos. Sería unha mágoa que unha ferramenta tal se utilizase, precisamente, para seguir marxinando o galego, para que apareza como *segundona*, á mesma altura có inglés, ou o francés, como se fose unha lingua estranxeira, ou para achegarse máis ós cidadáns de fóra que ós propios -que son os que pagan os impostos e teñen claro o papel dos concellos na promoción do galego, como demostran os estudos sociolingüísticos²³.

3.3.1 A realidade

A realidade é que a principios deste mes de febreiro de 1999 en que andamos, 35 concellos galegos dispoñen dunha páxina web oficial ou oficiosa. Vexamos qué tal responden ós postulados que aquí defendemos que contribuirían a crear un espacio de comunicación galego, e, daquela, a preserva-la nosa identidade.

Se analizámo-los contidos dos sitios web, vemos que a maioría só se dedican á promoción turística; soamente 9 dos 35 concellos poñen en liña información municipal, e exclusivamente 1 ofrece na actualidade a posibilidade de facer unha tramitación administrativa.

²³ A poboación galega concédelle ós concellos unha grande importancia para impulsa-lo uso do noso idioma, segundo os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* elaborado polo Seminario de Sociolingüística da RAG: ocupa con 4.27 puntos o segundo posto, inmediatamente detrás da Xunta de Galicia (4.51), cando o máximo é 5.

Vaamonde e outros constatan no seu *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo* (Vigo, 1998), que o 84,6% dos vigueses cren que son necesarias actividades para fomenta-lo uso da lingua galega; o 49,7% cre que o alcalde e os concelleiros deben falar en galego, e un 43,9% en galego e castelán; o 27,9% cre que os anuncios, documentos e publicacións do concello deben estar en galego, e o 67,8% opina que nas dúas linguas.

Táboa 4: Contidos dos sitios web dos concellos de Galicia

i. turismo	i. municipal	i. municipal i. turismo	Servicios, i. turismo i. municipal
26	3	5	1

Vexamos agora cuál é a lingua principal dos sitios web dos nosos concellos, baseándonos na lingua da páxina de benvida.

Táboa 5: Lingua(s) da páxina de benvida dos sitios web dos concellos de Galicia

Galego	Castelán	Galego-Castelán	Galego-Castelán- Inglés
16	14	4	1

É dicir: o galego é a lingua das páxinas de benvida, só ou acompañado en 21 ocasións, o que representa o 60% do total dos sitios web de concellos. Vexamos qué ocorre cando accedemos ás restantes páxinas do sitio:

Táboa 6: Lingua(s) das páxinas dos sitios web dos concellos de Galicia

Galego	5
Castelán	11 (Allariz, non oficial)
Galego-Castelán	8
Castelán-Inglés	1 (A Coruña)
Galego-Castelán-Inglés	9
Galego-Castelán-Inglés-Francés	1

O galego aumenta lixeiramente a súa presenza ata un 65%. Chama a atención ver cómo en relación ás páxinas de benvida monolingües, o monolingüismo castelán se mantén moito máis có galego. Pero aínda chama máis a atención os casos en que a nosa lingua non aparece por ningures, facéndose aínda máis estranxeira có inglés.

Se entramos en cuestións de deseño, estilo e estruturación da información, hai casos que son para chorar. Por exemplo, os títulos das páxinas de benvida, de grande importancia á hora de entrarmos a través dos marcadores do noso navegador.

1. Concello do Carballiño (Ourense)
2. Benvidos-as a Ferrol
3. Unidade de recaudacion municipal <Ferrol>
4. A Muller Traballadora <Fene>
5. Páxina Nueva <A Cañiza>

6. WEB Oficial do Concello de Boqueixón -- WEB oficial del Ayuntamiento de Boqueixón
7. Concello de Burela
8. Cangas do morrazo na internet
9. Benvidos a Camariñas
10. Castrelo do Miño
11. Paxina oficial do Concello de Corcubión
12. Concello de Lalín
13. Concello de Lugo
14. Ayuntamiento de Marín
15. Monforte de Lemos
16. Grove
17. Ilustrísimo Ayuntamiento de Puenteareas
18. Benvidos/as ás páxinas Web do Concello de Pontevedra
19. Silleda Páxina Principal. Galicia
20. Páxina principal <Tui >
21. vigo2
22. Vilardevós WEB
23. Excmo. Concello de Carballo - A Coruña
24. Excelentísimo Concello de Coristanco
25. Índice <Viveiro>
26. Páxina Web del Ilmo. Ayuntamiento de Sada
27. www.riveira.com
28. Servidor Ayuntamiento de SANXENXO
29. Alariz: turismo e historia
30. As Neves
31. Manu Rial-Ca <Cambados>
32. Nogueira de Ramuin - Homepage
33. Barco, Porta de Galicia
34. Coruña. Turismo. Spain.

Hai non poucos casos en que non se sabe a qué sitio que chegamos navegando, porque do título non se extrae ningunha información, o cal resulta un problema á hora de buscar nos marcadores do navegador; por exemplo, sitios denominados "Páxina nueva", "Páxina Principal", "Índice", ou o máis surrealista, "Manu Rial-Ca", que poden ser calquera cousa.

Tamén resulta curioso o caso de "Unidade de recaudación municipal". Vese claramente de qué se tratan as páxinas, pero, ¿de onde é a unidade de recadación? Se buscamos máis información no URL <<http://www.cif.es/recaudación>>, igual pensamos que a empresa fornecedora de servicios de Internet controla a unidade de recadación municipal... de Ferrol, concello que curiosamente, mantén outro sitio web. E, por último, a páxina da "Unidade de Recaudación Municipal", que está en galego, ten, vaia por deus, un pequeno erro no título: debería chamarse "Unidade de Recadación Municipal".

Tampouco teñen perda títulos como de "A muller traballadora" ou "vigo2".

O desleixo é tan grande que incluso o sitio web do concello de Ponteareas, que está en castelán, pero que respecta o topónimo oficial nas páxinas interiores, ten unha páxina principal titulada "Ilustrísimo Ayuntamiento de Puentearas"

3.3.2 Propostas

A visita á maioría dos sitios web dos concellos galegos, sacadas honrosas excepcións, produce variadas sensacións: que son sitios *de encarga* a unha empresa e que non houbo coordinación co concello, o que se nota na inadecuada estruturación da información; que non hai unidade no estilo e no deseño; que non se renovan, porque a maioría son folletos turísticos *planos*, que non ofrecen servicios nin información municipal actualizada, o cal leva a que os navegantes non volvan visitar esas páxinas. Poderíamos resumir dicindo que se nota desleixo en xeral, e mesmo ignorancia do medio e das súas posibilidades, e que a cuestión do idioma é un espello diso.

Cremos que a solución é a coordinación transversal das diversas unidades do concello (servicios informáticos, gabinete de prensa, servicio de normalización lingüística, e a(s) unidade(s) que se encarguen da *coordinación* do concello, se existe...), e mais da empresa de deseño ou fornecedora de servicios á que se lle encargue a realización do sitio, nunha primeira fase; e nunha segunda fase, a capacitación xeneralizada do persoal do concello, non xa na utilización de Internet como fonte de información, senón como fonte de información e de prestación de servicios ós cidadáns, de tal xeito que acaden unha autonomía e competencia mínimas para poder introducir contidos no web.

Nesa primeira fase de planificación do sitio é fundamental, como dixen, a coordinación transversal entre servicios. Un dos departamentos que debería xogar un papel fundamental nesa planificación é o de normalización lingüística.

A) Regulación do uso das linguas

Se o concello xa posúe unha ordenanza que regule os usos lingüísticos, ó SNL tócalle lembrar (se é que a ninguén lle acorda) o que conste nela a respecto das comunicacións escritas e orais, porque a Internet é un medio de comunicación.

As posibilidades que abre a Internet como fiestra ó mundo, ás veces poden chegar a esgrimirse como pexa a que o noso idioma se incorpore á rede, polo que cumpriría desenvolver unha regulación máis específica, que estableza cál debe se-la xerarquización das linguas e o lugar que lle corresponde ó galego dentro da comunicación multilingüe. A lexislación, a importancia cualitativa dos concellos dentro do proceso de normalización lingüística e dentro do proceso de creación dun espacio galego na internet, e maila propia opinión dos cidadáns, coñecida a través dos estudos sociolingüísticos, recomentan que

galego sexa a lingua principal, e que haxa dispoñible unha versión en castelán, e mais noutros idiomas, se se quere ás que se acceda mediante botóns.

A presenza do galego na utilización da rede por parte da entidade non só afecta á creación do sitio web, e á súa desexable actualización e renovación, senón tamén ás comunicacións oficiais mediante o correo electrónico, tanto nas comunicacións cara ó interior do concello, se desenvolve unha rede interna, como nas comunicacións de cara ó exterior.

B) Unidade de deseño e estilo, estruturación da información

Da mesma maneira que entendemos como parte do traballo dos servizos de normalización lingüística que establezan libros de estilo para as comunicacións das entidades, tanto en relación a aspectos lingüísticos como de deseño de documentos, a entrada na Internet abre un novo campo de traballo: establecer un libro de estilo web.

Se a imaxe corporativa, o estilo e o deseño propios dun organismo son importantes na vida *real*, sono aínda máis no caso da rede. ¿Por que? Se collemos un folleto ou unha revista editadas polo Concello de Vigo, aínda que vaíamos pola segunda páxina non imos ter dúbidas de que se trata do mesmo folleto ou revista do Concello de Vigo. Sen embargo, a propia esencia do hipertexto, que permite ligar indefinidamente documentos, pode permitir que das páxinas do Concello de Vigo marchemos ás da Xunta, ou ás da Universidade de Vigo, ou a calquera outro lado, practicamente sen decatarnos. Gracias á unidade de deseño e de estilo dun sitio web podemos notar cándo cambiamos de lugar.

O deseño e o estilo afectan, por exemplo, a cuestións como:

- cabeceiras e pés de páxina
- logotipos
- sistemas de iconas e barras de botóns
- uso de marcos que dividan a pantalla
- tipos e tamaños de letra
- cores de fondo
- aspecto das páxinas de benvida das seccións
- maneira de face-las ligazóns

C) Contidos

Tamén o SNL debe contar á hora de planifica-los contidos que ofrezca o sitio web do concello; así, por exemplo:

- En webs que ofrecen máis ben información de tipo *turístico*, debemos asegurarlle a entrada a unha serie de contidos *galegos* (galegos, que non

etnográficos nin folclóricos na acepcións máis perigosa dos termos). Pódese incluír información relacionada coa lingua: toponimia, pequeno vocabulario, rotas literarias...

- Se se deseña un web que ofrezca información e servizos ós cidadáns, o snl debe ofrecer nel a súa información e os seus servizos, como un departamento máis da entidade.

3.4 A terminoloxía da rede e o galego

Xa moi de pasada, quero referirme ós problemas terminolóxicos do galego en relación ó desenvolvemento e uso da rede. Sufrimos -iso si, igual cós falantes de tódalas linguas do mundo, agás o inglés-, unha invasión de anglicismos relacionados coa Internet, ou de adaptacións fonéticas apresuradas, moi a miúdo peneiradas antes polo castelán. O problema é maior desde o momento en que a expansión do uso da Internet -sobre todo entre a xente nova- vai carrexar unha expansión en toda a sociedade desta confusión terminolóxica.

Cómpre traballar este terreo con urxencia: as actuacións poden ser moi efectivas, porque a Internet aínda está comezando a súa expansión en Galicia, e nun eido especialmente importante: o educativo. Por outra banda, cómpre coidar especialmente as políticas de difusión de terminoloxía, que debe implementarse, ó meu entender, a través das propias ferramentas de navegación.